

VIEIROS

Barbanza

Edición xestionada por [Adolfo Muíños](#)

LANZAMENTO DAS XORNADAS MARIA MARIÑO

Actos de homenaxe a Antón Avilés de Taramancos en Noia

O venres, 2 xuño, ás 20 h., no Coliseo Noela de Noia, a Consellería de Cultura, o Concello de Noia, a Casa da Gramática do IES Virxe do Mar e a Asociación Cultural Barbantia organizan unha serie de actos de homenaxe ao poeta Avilés de Taramancos. No ámbito desta homenaxe o Director Xeral de Creación Cultural, Luís Bará, e a escritora Ana Romaní, presentarán o programa ***Palabra na solaina*** co que se busca incentivar a lectura nas casas de turismo rural e hoteis. Tras unha intervención musical do alunado do Conservatorio entregarase o *V Premio de relato de aventuras Avilés de Taramancos*. Tamén arrincan axiña as **Xornadas María Mariño** que se desenvolverán en Noia o 8 e 9 de xuño e se deslocan a Boiro o sábado 10 de xuño para inaugurar unha rúa co seu nome.

- 08:26 02/06/2006

Co gallo do 99 aniversario do nacemento da escritora noiesa [María Mariño](#), que se conmemora este ano, a [asociación cultural Barbantia](#) organiza unhas xornadas en xuño para dar a coñecer a achega desta [escritora](#) á literatura galega.

A iniciativa comezará en Noia o día 8 de xuño, ás 20.30 h. na Casa da Cultura, na que o escritor e profesor Anxo Angueira pronunciará unha conferencia que leva por título *Unha lectura de María Mariño*. Logo falará a poetisa e ensaísta María do Cebreiro, coa ponencia *Autoría, biografismo e falacia intelectual na lírica moderna, Quen foi María Mariño?*.

Tamén na vila noiesa, o 9 de xuño e no mesmo horario, Maite Martín Barrenechea viaxará ao pasado para lembrar como era a súa tía María Mariño, tamén coñecida como a Fiscala, e a continuación, proxectarase un audiovisual. Este amosa un retrato biográfico da creadora desde Noia e Boiro a Parada do Courel, onde finou. Está realizado polo historiador Xerardo Agrafoxo e o fotógrafo Suso Xogaina, coa axuda de textos e imaxes.